

ARTE NA AULA

OS ARTISTAS CONTEMPORÁNEOS COMO PUNTO DE PARTIDA DE PROPOSTAS DIDÁCTICAS

CURSO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

22 outubro e 12 novembro 2022

Horario: sábados de 10 a 14 h e de 16 a 20 h

Dirixe: Gael Zamora Lacasta

Coordina: Virginia Villar



Debido á gran demanda e despois dun tempo marcado pola distancia, o programa *Arte na aula* retoma a formación presencial cun curso que xa se impartiu en liña en 2021: *Os artistas contemporáneos como punto de partida de propostas didácticas*.

A arte contemporánea entrou nas aulas como eixe de aprendizaxe, pero habitualmente faino da man de artistas como Picasso, Miró, Van Gogh ou Kandinsky. Figuras importantes, sen dúbida, pero tamén afastadas xa do noso tempo e que non reflicten algunhas cuestións transversais, hoxe presentes no ámbito educativo, como a conexión co cotián, a paridade ou a sustentabilidade.

Na aula, a miúdo, traballar a partir dun artista supón coñecer o personaxe e pintar *á maneira de*. Este curso propón dar un paso máis e asómase ao mundo da arte como fonte de inspiración para xerar experiencias educativas ricas e globalizadas.

Este curso, que se desenvolve de forma intensiva ao longo dunha única xornada, ofrécelles aos docentes unha oportunidade para observar, reflexionar e crear a través da plástica antes de levar as súas propostas á aula, vivenciando a experiencia e converténdoa en punto de partida para a programación.

OBXECTIVOS

Os obxectivos deste encontro son tomar contacto coa arte contemporánea como recurso educativo, establecer lazos entre a arte e a aula eliminando mitos e prexuízos, reflexionar sobre as posibilidades de aprendizaxe globalizada que proporciona a plástica, desenvolver a capacidade para observar, coñecer, crear e debater arredor do artístico, e xerar dinámicas creativas nun mesmo para fomentalas no alumnado, tomando como eixe para todo iso a obra de artistas contemporáneos.

CALENDARIO

As persoas interesadas poderán optar por inscribirse nunha destas dúas sesións:

QUENDA I: 22 de outubro. Horario: de 10 a 14 h e de 16 a 20 h
Prazo de inscrición: do 10 ao 20 de outubro de 2022

QUENDA II: 12 de novembro. Horario: de 10 a 14 h e de 16 a 20 h
Prazo de inscrición: do 31 de outubro ao 10 de novembro de 2022

Debido a la gran demanda y después de un tiempo marcado por la distancia, el programa *Arte en el aula* retoma la formación presencial con un curso que ya se impartió en línea en 2021: *Los artistas contemporáneos como punto de partida de propuestas didácticas*.

El arte contemporáneo ha entrado en las aulas como eje de aprendizaje, pero habitualmente lo hace de la mano de artistas como Picasso, Miró, Van Gogh o Kandinsky. Figuras importantes, sin duda, pero también alejadas ya de nuestro tiempo y que no reflejan algunas cuestiones transversales, hoy presentes en el ámbito educativo, como la conexión con lo cotidiano, la paridad o la sostenibilidad.

En el aula, a menudo, trabajar a partir de un artista supone conocer al personaje y pintar *a la manera de*. Este curso propone dar un paso más y se asoma al mundo del arte como fuente de inspiración para generar experiencias educativas ricas y globalizadas.

Este curso, que se desarrolla de forma intensiva a lo largo de una única jornada, ofrece a los docentes una oportunidad para observar, reflexionar y crear a través de la plástica antes de llevar sus propuestas al aula, vivenciando la experiencia y convirtiéndola en punto de partida para la programación.

OBJETIVOS

Los objetivos de este encuentro son tomar contacto con el arte contemporáneo como recurso educativo, establecer lazos entre el arte y el aula eliminando mitos y prejuicios, reflexionar sobre las posibilidades de aprendizaje globalizado que proporciona la plástica, desarrollar la capacidad para observar, conocer, crear y debatir en torno a lo artístico, y generar dinámicas creativas en uno mismo para fomentarlas en el alumnado, tomando como eje para todo ello la obra de artistas contemporáneos.

CALENDARIO

Las personas interesadas podrán optar por inscribirse en una de estas dos sesiones:

TURNO I. 22 de octubre. Horario: de 10 a 14 h y de 16 a 20 h
Plazo de inscripción: del 10 al 20 de octubre de 2022

TURNO II. 12 de noviembre. Horario: de 10 a 14 h y de 16 a 20 h
Plazo de inscripción: del 31 de octubre al 10 de noviembre de 2022

Gael Zamora Lacasta é titulada en Historia da Arte e mestra de Educación Primaria. Exerce como profesora do Departamento de Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal na Facultade de Educación de Segovia da Universidade de Valladolid. É ademais educadora artística con ampla experiencia en museos con todas as franxas de idade dentro da educación formal e non formal. Ten experiencia como coordinadora e relatora en cursos para docentes sobre creatividade, recursos didácticos e arte no CGAC, o Museo de Arte Contemporáneo Esteban Vicente, o Centro para las Artes y el Diseño Palacio Quintanar, o Museo Lázaro Galdiano, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Valladolid, a Universidade Autónoma de Madrid, o movemento de renovación pedagóxica Acción Educativa e os centros de formación do profesorado de Soria, Segovia, Ávila, Madrid e Cuenca.

Gael Zamora Lacasta es titulada en Historia del Arte y maestra de Educación Primaria. Ejerce como profesora del Departamento de Didáctica de la Expresión Musical, Plástica y Corporal en la Facultad de Educación de Segovia de la Universidad de Valladolid. Es además educadora artística con amplia experiencia en museos con todas las franjas de edad dentro de la educación formal y no formal. Tiene experiencia como coordinadora y ponente en cursos para docentes sobre creatividad, recursos didácticos y arte en el CGAC, el Museo de Arte Contemporáneo Esteban Vicente, el Centro para las Artes y el Diseño Palacio Quintanar, el Museo Lázaro Galdiano, la Universidad Complutense de Madrid, la Universidad de Valladolid, La Universidad Autónoma de Madrid, el movimiento de renovación pedagógica Acción Educativa y los centros de Formación del Profesorado de Soria, Segovia, Ávila, Madrid y Cuenca.

PERSOAS DESTINATARIAS: Docentes de educación formal (infantil, primaria, secundaria e bacharelato, ciclos formativos ou graos de educación), profesionais da educación artística ou persoas interesadas na didáctica da arte e estudantes de Belas Artes ou Ciencias da Educación.

INSCRIPCIÓN: O curso é de balde. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal na que deberán indicar o seu nome, apelidos, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación. Poderanse inscribir un máximo de dous participantes por solicitude.

PRAZAS: 20 por queda

CERTIFICACIÓN: O CGAC entregará un certificado de presenza ás persoas que asistan á sesión completa.

DIRECCIÓN: Gael Zamora Lacasta

COORDINACIÓN: Virginia Villar

PERSONAS DESTINATARIAS: Docentes de educación formal (infantil, primaria, secundaria y bachillerato, ciclos formativos o grados de educación), profesionales de la educación artística o personas interesadas en la didáctica del arte y estudiantes de Bellas Artes o Ciencias de la Educación.

INSCRIPCIÓN: El curso es gratuito. Las personas interesadas pueden enviar un mensaje electrónico a cgac.educacion@xunta.gal en el que deberán indicar su nombre, apellidos, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá un mensaje electrónico de confirmación. Se podrán inscribir un máximo de dos participantes por solicitud.

PLAZAS: 20 por turno

CERTIFICACIÓN: El CGAC entregará un certificado de presencia a las personas que asistan a la sesión completa.

DIRECCIÓN: Gael Zamora Lacasta

COORDINACIÓN: Virginia Villar